



Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2025 DAS AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS (CLÚSTERS) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

1. Antecedentes:

Por Resolución do 9 de decembro de 2024 (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro) publicáronse as bases reguladoras das axudas ás agrupacións empresariais (clústers) innovadoras na Comunidade Autónoma de Galicia e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva.

Para a avaliación das 19 solicitudes válidas presentadas aplicouse o seguinte baremo xeral establecido no artigo 6.4 das bases reguladoras da axuda:

a) Importancia do ámbito da actividade na economía galega: 20 puntos.

Estratéxicos: agroalimentación, produtos do mar e acuicultura, automoción, enerxías renovables, madeira/forestal, naval/industria marítima, pedra natural, téxtil-moda.

Emerxentes e de alto potencial: aeronáutico/aeroespacial, industria da saúde e do benestar, industrias creativas, biotecnoloxía, novos materiais, ecoindustria, TIC.

Soporte da nova industria: telecomunicacións, enerxía, loxística.

b) O número de actuacións propostas que se van realizar: 2 puntos por cada actuación ata un máximo de 10 puntos.

c) O custo medio do conxunto de actuacións propostas: outorgando 20 puntos á proposta de menor custo medio e 0 puntos á proposta de maior custo medio; a puntuación das restantes será calculada mediante a seguinte fórmula: $p = 20 - 20 \cdot (x - l) / (h - l)$. Sendo p , os puntos outorgados, l : o menor custo medio, h : o custo medio máis elevado e x : o custo medio da proposta que se vai avaliar.

d) Fortaleza da entidade clúster: número de empresas asociadas galegas ou con centro de traballo en Galicia sobre o total de empresas do ámbito de actividade en Galicia: 1 punto por cada 10 % ata un máximo de 10 puntos.

e) Capacidade de mobilización de proxectos. Teranse en conta os proxectos promovidos ou nos que fose participante a entidade clúster no último exercicio. Outorgarase un punto por proxecto en que só participe a entidade clúster e 2 por cada proxecto en que tamén participen empresas asociadas ata un máximo de 10 puntos.

f) Posuír a etiqueta Gold de excelencia na xestión de clúster acreditada pola ESCA (European Secretariat for Cluster Analysis) en vigor ou estar inscrita no Rexistro de AEI (agrupacións empresariais innovadoras) dentro do programa de excelencia do Ministerio de Industria: 20 puntos.

g) Contribución da carteira de actuacións propostas á transformación dixital, á sostibilidade, á innovación, á expansión de mercados e internacionalización ata un máximo de 10 puntos.

No caso de empate nas puntuacións, para desempatar terase en conta a maior puntuación obtida nos criterios a), b), c), d), e), f) e g), por esa orde. No caso de persistir o empate, terase en conta o número de expediente, que se outorgará segundo a data de presentación da solicitude.

Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 19 proxectos válidos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación do anterior baremo, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS (CLÚSTER) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.





2. Resolvo:

Primeiro. Aprobar a concesión das subvencións aos 19 beneficiarios que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de 1.990.061,84 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Segundo. Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen nas resolucións individuais,

Terceiro. Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, de acordo co establecido no artigo 13.4 das bases reguladoras.

3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas cabe formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Dirección xeral do Igape, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
A directora xeral do Igape	Covadonga Toca Carús	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina





ANEXO I

Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2022 DAS AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS (CLÚSTERS) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Expediente núm.	Titular	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG410A-2025-000-000007	FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA)	98,5	30/09/2026	30/09/2026	321.977,00 €	70,00%	225.383,90 €
IG410A-2025-000-000008	CLUSTER DE LA ACUICULTURA DE GALICIA	95,2	30/09/2026	30/09/2026	95.557,84 €	70,00%	66.890,49 €
IG410A-2025-000-000015	VIRATEC, CLUSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR	90,2	30/09/2026	30/09/2026	171.213,31 €	70,00%	119.849,32 €
IG410A-2025-000-000019	ASOCIACIÓN CLUSTER DA MADEIRA DE GALICIA	90,0	30/09/2026	30/09/2026	231.976,02 €	70,00%	162.383,21 €
IG410A-2025-000-000006	CLUSTER DO AUDIOVISUAL GALEGO	87,8	30/09/2026	30/09/2026	51.927,57 €	60,00%	31.506,55 €
IG410A-2025-000-000020	ASOCIACIÓN BIOGA-CLUSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DE CIENCIAS DA VIDA	83,9	30/09/2026	30/09/2026	246.775,00 €	70,00%	172.742,50 €
IG410A-2025-000-000018	ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA (ASIME)	79,9	30/09/2026	30/09/2026	159.060,86 €	70,00%	111.342,60 €
IG410A-2025-000-000024	CLUSTER TIC GALICIA	73,7	30/09/2026	30/09/2026	181.304,35 €	65,00%	118.023,97 €
IG410A-2025-000-000009	ASOCIACION CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA	72,8	30/09/2026	30/09/2026	297.668,81 €	70,00%	208.368,17 €





Expediente núm.	Titular	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG410A-2025-000-000023	ASOCIACION CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO	71,5	30/09/2026	30/09/2026	302.825,55 €	70,00%	211.977,88 €
IG410A-2025-000-000021	ASOC . NAC. FABR. CONSERVAS DE PESCADOS Y MARISCOS	71,0	30/09/2026	30/09/2026	261.648,00 €	70,00%	183.153,61 €
IG410A-2025-000-000010	ASOCIACIÓN CLÚSTER DA BIOMASA DE GALLCIA	66,2	30/09/2026	30/09/2026	69.096,03 €	70,00%	48.367,23 €
IG410A-2025-000-000013	CONFEDERACIÓN INDUSTRIAS TEXTILES DE GALICIA	64,4	30/09/2026	30/09/2026	22.609,99 €	65,00%	14.787,24 €
IG410A-2025-000-000011	CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA	64,3	30/09/2026	30/09/2026	42.955,53 €	60,00%	26.373,31 €
IG410A-2025-000-000016	CLÚSTER DA COMUNICACIÓN DE GALICIA	63,6	30/09/2026	30/09/2026	52.421,01 €	65,00%	35.361,44 €
IG410A-2025-000-000017	ASOCIACIÓN CLUSTER DEL GRANITO	46,2	30/09/2026	30/09/2026	118.800,10 €	70,00%	83.160,07 €
IG410A-2025-000-000022	CLUSTER SAÚDE DE GALICIA CSG	40,8	30/09/2026	30/09/2026	78.676,86 €	70,00%	55.073,80 €
IG410A-2025-000-000012	ASOC. GALLEGA DE EMPRESAS DE INGENIERÍA, CONSULTORÍA Y SERVICIOS TECNOLÓGICOS	40,4	30/09/2026	30/09/2026	83.278,43 €	60,00%	50.367,05 €
IG410A-2025-000-000025	FUNDACIÓN GALICIA CONSTRÚE, CLÚSTER DA CONSTRUCCIÓN	21,0	30/09/2026	30/09/2026	107.745,00 €	60,00%	64.949,50 €

TOTAL:

1.990.061,84 €

